

Venres, 6 de xullo de 2018

Núm. 130

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARBO

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL

ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario polo que se aproba inicialmente a Ordenanza Municipal Reguladora das axudas de emerxencia social do Concello de Arbo adoptado en sesión celebrada o día 25.04.18, cuxo texto íntegro se fai público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local:

“ORDENANZA REGULADORA DAS AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL DO CONCELLO DE ARBO

FUNDAMENTACIÓN

A comisión europea fixo da loita contra a pobreza un elemento clave da súa axenda económica, laboral e social: a Estratexia Europea 2020.

Na súa Comunicación ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións, expón que a crise afectou sobre todo ás persoas máis vulnerables da nosa sociedade. A situación de quen gaña menos séguese deteriorando e agora, esas persoas afrontan un maior risco de endebedamento e insolvencia.

O marco de actuación proposto pola Comisión ten o obxectivo de garantir a cohesión social e territorial, de forma que os beneficios do emprego e do crecemento, sexan amplamente compartidos en toda a Unión Europea e as persoas que sofren a pobreza e a exclusión social poidan vivir dignamente e tomar parte activa na sociedade.

As axudas económicas que se van a xestionar pola Concellería de Servizos Sociais e promoción da Igualdade do Concello de Arbo, de forma coordinada co resto de Concellerías teñen o seu fundamento legal nas normas que a continuación se enumeran:

A Constitución Española, establece nos artigos 39, 41, que “los poderes públicos... deben asegurar la protección social, económica y jurídica de la familia, así como la protección de las personas en situación de necesidad, desamparo, circunstancias graves o urgente necesidad por carencias económicas y socio-familiares”.



Venres, 6 de xullo de 2018

Núm. 130

A Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización y sostenibilidad de la Administración Local, distingue as competencias propias (artigo 25) das delegadas (artigo 27), previndo a posibilidade de que as Entidades Locais poidan exercer competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación cando se cumpran os requisitos materiais e procedimentais recollidas no artigo 7.4.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, ten por obxecto a ordenación e promoción do sistema público de servizos sociais na Comunidade Autónoma de Galicia. Segundo o previsto nos artigos 18.1 e 21 desta lei no desenvolvemento do programa básico de inserción social, os servizos sociais comunitarios básicos participan no procedemento de asignación das prestacións económicas de inclusión social.

A lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia define os Servizos Sociais como servizo público destinado a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e a participación social de toda a poboación mediante intervencións que permitan, entre outros obxectivos, “facilitar recursos e itinerarios de integración social a quen se atopa en situación ou risco de exclusión social”.

Conforme ao artigo 84 desta lei, corresponde aos concellos implantar e desenvolver os servizos sociais comunitarios necesarios, en cooperación coa Xunta de Galicia, podendo implicarse, así mesmo, os Organismos institucionais, provinciais correspondentes.

Deste xeito, os servizos sociais constitúense como medio instrumental organizado da acción social que emana do exercicio pleno da competencia da asistencia social.

Tendo en conta toda a fundamentación exposta, é preciso regular as prestacións sociais de carácter económico para situacións de especial necesidade individual, familiar e/ou da unidade de convivencia, outorgadas polo Servizos Sociais do Concello de Arbo.

Este tipo de axudas económicas deberán concederse seguindo os criterios xerais establecidos nesta Ordenanza, e mediante unha valoración profesional que teña en conta os distintos aspectos que se desenvolven nesta ordenanza.

CAPITULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.—CONCEPTO

Considéranse axudas de emerxencia social, para os efectos da presente ordenanza, aquelas prestacións económicas de pago único, de carácter extraordinario e finalista, destinadas a resolver as situacións de emerxencia que afecten ás persoas ou familias as que sobreveñan situacións de necesidade o se vexan privados dos medios de vida primarios e imprescindibles.

A súa finalidade será dispensar unha atención básica e urxente no momento en que estas situacións de necesidade se produzan; así como apoiar aquelas persoas, familias, ou unidade de convivencia que carecen de recursos económicos para satisfacer as súas necesidades básicas (en relación coa alimentación, aloxamento, etc.), ou calquera outra situación que poida supoñer un factor de marxinalidade ou risco de exclusión social.



Venres, 6 de xullo de 2018

Núm. 130

A necesidade de dar resposta económica, pode esixir o pago urxente da axuda, xa que de non realizarse inmediatamente pode resultar ineficaz a concesión. A apreciación ou non da urxencia terá que constar na proposta e na resolución do expediente.

Dado o réxime normativo e as atencións as que responden as axudas económicas obxecto da ordenanza, serán sempre temporais para paliar necesidades extraordinarias e urxentes das persoas afectadas por situacións de emerxencia e terán que estar necesariamente encamiñadas a un proceso de intervención social, que inclúa unha análise completa da situación individual, familiar ou de convivencia.

As axudas de emerxencia social en casos excepcionais e xustificadas poderán ser complementarias doutras concedidas por outros organismos ou sistemas de protección social: públicos ou privados, sempre e cando, en ámbolos dous casos, as que outorguen os outros organismos non teñan a consideración de recursos económicos segundo a definición contida no artigo 17.1 da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renda de non Residentes e sobre o Patrimonio, sendo compatibles, polo tanto, coas axudas relacionadas no artigo 17.2 da mesma Lei.

A efectos do previsto no artigo 2.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e dado o seu carácter de prestación social, as axudas de inclusión social non teñen carácter de subvención (Art. 47.6 da Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia).

Artigo 2.—OBXETO

O obxecto da presente ordenanza e a regulación das axudas de emerxencia social de carácter económico xestionadas pola Concellería de Servizos Sociais e promoción da Igualdade do Concello de Arbo, os requisitos necesarios para acceder ás mesmas e o seu procedemento.

Artigo 3.—PERSOAS BENEFICIARIAS

Está dirixida a persoas individuais, unidades familiares e/ou unidades de convivencia que carezan de medios económicos e nas que concorran factores de risco, sendo sempre un apoio á intervención social.

Poderán solicitar axudas económicas as persoas físicas por si mesmas ou en nome da súa unidade familiar que, reunindo os requisitos establecidos, atravesen unha situación de necesidade social.

Enténdese por unidade familiar a formada por máis dunha persoa, cuxos membros, ademais de convivir no mesmo domicilio, estean unidos por relación conxugal ou análoga, adoptiva, tutela ou de consanguinidade ata o cuarto grao ou de afinidade ata o segundo grao.

Enténdese por unidade de convivencia o conxunto de persoas que habitan no mesmo domicilio non estando unidas por lazos de parentesco si non por amizade ou afinidade.



Venres, 6 de xullo de 2018

Núm. 130

Na unidade familiar ou na unidade de convivencia un dos seus membros terá a condición de persoa beneficiaria da axuda, aínda que se lle conceda en beneficio da unidade familiar ou de convivencia, e coincidirá co membro que faga a solicitude, salvo que o/a traballador/a social motive no seu informe que sexa outro membro.

As axudas recollidas nesta ordenanza son concedidas ata o límite económico que permitan ás consignacións económicas aprobadas en cada exercicio orzamentario.

Por cada persoa física, unidade familiar ou unidade de convivencia non poderán superar a contía máxima de 1.000 €/ano, non computando a estes efectos as reparticións en especie que se efectúen dende o banco de alimentos.

A contía máxima da Axuda de Emerxencia Social non poderá exceder dos 1000 euros por beneficiario/a no mesmo exercicio económico. Excepcionalmente poderíase conceder un importe superior á contía máxima establecida, previo informe social dos servizos sociais do Concello de Arbo, e sempre que non se esgotase o crédito orzamentario.

As persoas solicitantes que poidan ser perceptoras dos programas de axudas de emerxencia social doutras administracións, serán derivadas, segundo criterio do técnico correspondente.

Artigo 4.—REQUISITOS XERAIS

4.1.—Ser maior de idade ou menor emancipado/a.

4.2.—Estar empadroadado/a e ter residencia efectiva de forma ininterrompida no Concello de Arbo, cunha antelación mínima de 12 meses no momento da solicitude. E con respecto as unidades de convivencia, a maiores, deben ser estables e continuadas, é dicir, deben existir e acreditar unha convivencia mínima de 12 meses. Excepcionalmente poderán ser beneficiarias as persoas que non cumpran este requisito, previo informe do/a traballador/a social do Concello, sempre que a gravidade ou urxencia da situación fagan necesaria esta axuda.

4.3.—Non ter sido ningún membro da unidade familiar de convivencia beneficiario dunha Axuda Municipal de Emerxencia Social para a mesma finalidade, dentro do mesmo exercicio económico (agás o disposto para as necesidades básicas de subsistencia).

4.4.—Non ter sido ningún membro da unidade familiar de convivencia beneficiario de axudas concedidas por outra Administración Pública, organismo ou entidade, para a mesma finalidade, dentro do mesmo exercicio económico, que cubran o 100% da necesidade pola que se solicita a prestación.

4.5.—Acreditar a situación de necesidade a xuízo dos servizos sociais comunitarios.

4.6.—Non dispor de ingresos suficientes para afrontar os gastos derivados da situación de emerxencia social, segundo o establecido nesta ordenanza.



Venres, 6 de xullo de 2018

Núm. 130

4.7.—Estar integrado/a nun proxecto de intervención social, ou en caso contrario, aceptar expresamente as condicións que figuren no proxecto de intervención social que se lle elabore ao efecto polos servizos sociais comunitarios.

4.8.—Non ser propietario ou usufrutuario de bens inmoables distintos a vivenda habitual.

4.9.—Aportar a documentación que sexa pertinente en cada caso.

Artigo 5.—BAREMO ECONÓMICO PARA ACCEDER ÁS AXUDAS

1. Considérase carencia de medios económicos aos efectos do establecido no artigo 4.6 desta ordenanza, cando os recursos económicos netos mensuais (unha vez descontados no seu caso, os gastos derivados do préstamo hipotecario ou aluguer da vivenda, ata un máximo de 300 euros/mes) non sexan superiores ao 75% do IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples) para un só membro, incrementándose nun 10% do IPREM por cada membro da unidade familiar a partir do segundo membro:

- Unidade familiar de 2 membros: 85% do importe do IPREM
- Unidade familiar de 3 membros: 95% do importe do IPREM
- Unidade familiar de 4 membros: 105% do importe do IPREM
- Unidade familiar de 5 membros: 115% do importe do IPREM; e así sucesivamente.

2. Tomaranse como referencia para facer o cálculo os tres meses anteriores á data de presentación da solicitude, nos que non se poderán superar estes límites.

3. Excepción no baremo económico

Excepcionalmente os Servizos Sociais do Concello de Arbo, poderán valorar ás solicitudes que cumprindo con todos os demais requisitos previstos nesta ordenanza excedan o baremo económico nunha porcentaxe non superior o 10% do establecido neste artigo, como consecuencia dos gastos acreditados de vivenda habitual e/ou situación familiar de extrema urxencia, tendo en conta o previsto no artigo 48 punto 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia.

A valoración destes casos como excepcionais, efectuarase seguindo os criterios que a continuación se detallan. Nestes casos, para ser beneficiarios da axuda deberán como mínimo obter unha puntuación total de 10 puntos.

I. Situación Socio-Familiar: Factores Limitadores adicionais que afectan algúns dos membros da unidade familiar

a) Familia Desestruturada: 1 punto.

b) Existencia dalgún membro con discapacidade/ dependencia (física, psíquica ou sensorial) debidamente acreditada: 1 punto.



Venres, 6 de xullo de 2018

Núm. 130

c) Existencia dalgún membro da unidade familiar con problemas de adición (alcohol, drogas e/ou outras adicións): 1 punto.

d) Existencia dalgún membro da unidade familiar con enfermidade grave: 1 punto.

e) Ausencia do fogar de ámbolos dous membros parenterais: 1 punto.

II. Situación/Tipoloxía da Vivenda:

1. Vivenda en propiedade pagándose: 2 punto

2. Vivenda en aluguer: 3 puntos

3. Vivenda en precario, declarada como tal, previa visita dos/as Traballadores/as Sociais e informe correspondente: 2 puntos.

III. Situación de Risco e/ou Exclusión Social:

a) Situacións de desatención dos fillos menores por parte dos proxenitores ou representantes legais: 2 puntos.

b) Problemas conductuais dos menores que integran a unidade familiar: 2 puntos.

c) Situacións con carencias que afecten aos adultos integrantes da unidade familiar: 2 puntos.

d) Problemas de conduta desadaptada que afecten aos proxenitores ou outros adultos integrantes da unidade familiar: 2 puntos.

e) Situacións de violencia de xénero: 2 puntos.

f) Familias que algúns dos membros da unidade familiar está en situación de desemprego: 2 puntos.

IV. Familias en proceso de intervención social:

a) Familias incluídas no programa de servizo de educación e apoio familiar: 3 puntos.

b) Familias beneficiarias da RISGA: 3 puntos.

As solicitudes valoradas con estes criterios serán atendidas nas mesmas condicións que as axudas de emerxencia social, recollidas no capítulo II desta ordenanza.

Artigo 6.—OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Os/as beneficiarios/as das axudas ou no seu caso os seus representantes legais estarán obrigados a:

a. Destinar o importe das prestacións económicas ás finalidades para as que foron outorgadas.



Venres, 6 de xullo de 2018

Núm. 130

b. Permitir e facilitar o labor ás persoas designadas para verificar a situación económica e familiar, mantendo en todo momento unha actitude colaboradora e sen menoscabo dos dereitos constitucionalmente recoñecidos.

c. Ao cumprimento das condicións que poidan establecerse ou acordarse na concesión das prestacións ao titular para que, polos seus propios medios, poida superar a situación de necesidade da unidade familiar.

d. Non exercer a mendicidade, nin inducir a practicala aos membros da unidade familiar.

e. Escolarizar os/as menores ao seu cargo, que se atopen en idade escolar obrigatoria (de 6 a 16 años).

f. Reintegrar as prestacións indebidamente percibidas ou que coincidan no tempo con outra prestación concedida para a mesma finalidade.

g. Os beneficiarios teñen a obriga de comunicar calquera variación da súa situación socio-económica, cambio de domicilio, etc.

Ditas obrigas serán comunicadas ao posible beneficiario/a no momento de comunicarlle a resolución. (Anexo III)

CAPÍTULO II: TIPOLOXÍA DAS AXUDAS

Artigo 7.—AXUDAS PARA ATENCION DOS GASTOS DERIVADOS DO USO DA VIVENDA

Consiste nunha axuda económica destinada ao aboamento dos gastos da vivenda habitual que garanta a continuidade na mesma.

Entendéndose por vivenda habitual, aquela edificación que constitúa a residencia do solicitante e sexa habitada de maneira efectiva e con carácter permanente polo propio solicitante, nun prazo mínimo de doce meses, contados a partir da data de adquisición ou terminación das obras da vivenda.

7.1.—Gastos de aluguer:

Consiste nunha axuda económica destinada ao aboamento dos recibos de aluguer da vivenda habitual que impidan os procedementos de desafiuzamento por falta de pagamento, “así como que existan garantías de continuidade na vivenda”.

Recibos de aluguer: ata un máximo de 3 recibos por beneficiario, non superando os 450€/ano.

7.2.—Créditos hipotecarios:

Consiste nunha axuda para o pago de recibos de créditos hipotecarios, da vivenda habitual nos seguintes termos: cando o importe de cada cota sexa inferior a 450 euros e a débeda non sexa superior a seis cotas, sempre que exista garantía, debidamente acreditada por parte da entidade bancaria, de que o pago deses recibos solucionan a reclamación por demora e dan continuidade na vivenda habitual do beneficiario da axuda de emerxencia. Ata un máximo de 450€/ano.



Venres, 6 de xullo de 2018

Núm. 130

7.3.—Débedas de subministracións:

Consiste nunha axuda económica destinada ao aboamento de subministracións da vivenda habitual e as contías das axudas poderán ser por beneficiario:

- Recibos de luz: ata un máximo de 250€/ano.
- Recibos de gas: ata un máximo de 100€/ano.
- Recibos de auga: ata un máximo de 200€/ano (ou un número máximo de 2 recibos/ano). Sempre que non se trate dun recibo emitido polo Concello de Arbo cando a prestación do servizo sexa municipal, xa que nestes casos deberán acollerse as bonificacións e beneficios fiscais xa recollidos na correspondente ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable.
- Recibo de enganche de luz por corte (falta de pagamento): unha soa vez por un período de 2 anos consecutivos. Ata un máximo de 450 €.
- Recibo de conexión de gas por corte (falta de pagamento): unha soa vez por un período de 2 anos consecutivos. Ata un máximo de 100 €.
- Pago de recibo de conexión de auga por corte (falta de pagamento): unha soa vez por período de 2 anos consecutivos. Sempre que non se trate dun recibo emitido polo Concello de Arbo cando a prestación do servizo sexa municipal, xa que nestes casos deberán acollerse as bonificacións e beneficios fiscais xa recollidos na correspondente ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable. Ata un máximo de 100 €.

Contemplanse os casos de vivendas con calefacción eléctrica, nos que se poderá acumular coa axuda correspondente ó consumo de gas (200€ + 100€= 300€/ano)

7.4.—Equipamento básico da vivenda habitual e reparacións menores de urxente necesidade e limpeza en casos extremos:

Consiste nunha axuda económica destinada:

- Merca de equipamento de primeira necesidade ou mobiliario básico cando o beneficiario careza destes bens ou se atopen moi deteriorados. O solicitante deberá presentar un mínimo de 2 orzamentos, preferentemente de baixo custe. Reservándose o dereito a poder solicitar algún máis si así o considera procedente o equipo técnico dos Servizos Sociais. Ata un máximo de 200 €/ano.
- Instalacións ou reparacións menores do fogar, previo informe e valoración do/a traballador/a social. Ata 200 €/ano.
- Limpeza e desinfección necesarias para manter a vivenda en axeitadas condicións hixiénico-sanitaria e sempre que resulte de importancia vital para o usuario, ou para a súa unidade de convivencia, tras a valoración do/a traballador/a social a través do informe correspondente. Ata 100 €/ano.

Os conceptos deberán ir perfectamente detallados e desagregados.



Venres, 6 de xullo de 2018

Núm. 130

7.5.—Gastos de Comunidade, limpeza de escaleiras ou outras relativas a bens comúns.

Consiste nunha axuda económica destinada ó aboamento dos recibos de gastos da comunidade, limpeza de escaleiras ou outros gastos relativos a bens comúns, da vivenda habitual. Máximo 100 €/ano.

Artigo 8.—AXUDAS PARA NECESIDADES BÁSICAS:

ALIMENTACIÓN BÁSICA E HIXIENE PERSOAL

Consiste na cobertura básica das necesidades primarias de alimentación e hixiene persoal para previr situacións de risco que afecten a persoas ou grupos familiares.

Ademais, en base ós informes dos Servizos Sociais municipais, poderanse aprobar axudas para estas necesidades básicas; alimentación, vestido, produtos de hixiene persoal, etc., en base ós requisitos descritos nesta Ordenanza e as existencias dispoñibles no Banco de Alimentos Municipal e no Roupeiro Municipal.

O concello de Arbo contará cunha liña de actuación para dar cobertura as axudas para esta necesidade:

A. O Banco de Alimentos Municipal:

Co obxectivo de mellorar o servizo, os Servizos Sociais do Concello de Arbo, regulan o acceso e entrega de alimentos como se indica a continuación:

OBXECTIVOS:

Preténdese a continuidade de intervención desde a Unidade de Traballo Social, co fin de mellorar as situacións persoais e familiares. A repartición de alimentos é, á súa vez, un recurso máis para garantir a cobertura de necesidades básicas de persoas en situación de exclusión social así como para conseguir a integración social dos seus beneficiarios/as, que se atopan nunha situación de vulnerabilidade social.

METODOLOXÍA DE REPARTO:

O reparto será levado a cabo previo aviso ós beneficiarios por parte dos servizos sociais comunitarios, segundo a dispoñibilidade do servizo.

A entrega efectiva das axudas supeditarse á existencia de alimentos adecuados e suficientes.

O acceso á recollida faise no período de tempo que se lle comunique as persoas interesadas.

As persoas beneficiarias asinan a recepción dos produtos.

Se non poden acudir en tempo e día por razón puntuais, deben comunicalo para poder organizar outra data.



Venres, 6 de xullo de 2018

Núm. 130

Contemplantase no reparto dos alimentos os usuarios/as con alerxias e intolerancias alimenticias, tendo existencias para estes casos de maneira excepcional.

OBRIGAS DE DOCUMENTACIÓN:

O Banco de Alimentos pode recibir inspeccións do Ministerio de Agricultura ou da Cruz Vermella polo que debe dispor de documentación de tódolos beneficiarios. Dita documentación actualízase anualmente.

O FEGA (Fondo Español de Garantía Agraria) comproba os datos que se lles facilita e non permite a duplicidade de usuarios en distintos centros.

REQUISITOS:

Para acceder ás axudas do Centro de Reparto de Alimentos só se terán en conta os requisitos enumerados a continuación:

- 4.1.—Ter cumpridos os 18 anos, debidamente acreditado.
- 4.2.—Estar empadroado/a e ter residencia efectiva no Concello de Arbo.
- 4.3.—Non dispor de ingresos suficientes para afrontar os gastos derivados da situación de emerxencia social, segundo o establecido nesta ordenanza.

BAREMO ECONÓMICO PARA ACCEDER A AXUDA

O Banco de Alimentos rexerase polo baremo económico reflectido no artigo 5 desta ordenanza.

DOCUMENTACIÓN

A presentación de solicitudes para o acceso ao Centro de Reparto de Alimentos rexerase polo artigo 17 desta ordenanza.

REVOGACIÓN DAS AXUDAS

As causas de revogacións das axudas municipais de acceso ao Banco de Alimentos serán as seguintes:

- 1.—Renuncia expresa
- 2.—Falsidade e ocultación de calquera dos datos declarados pola persoa solicitante.
- 3.—Desaparición das circunstancias que deron orixe da súa concesión.
- 4.—Falecemento da persoa solicitante–titular da axuda, cando esta non sexa membro dunha unidade familiar nin dunha unidade de convivencia.



Venres, 6 de xullo de 2018

Núm. 130

Artigo 9.—GASTOS DE ATENCIÓN SANITARIA E OUTROS TRATAMENTOS

Consiste nunha prestación económica para axudar a sufragar aqueles gastos nos que o solicitante necesita incorrer por prescripción facultativa, e que se correspondan con:

—



Venres, 6 de xullo de 2018

Núm. 130

d. Outros gastos relativos á educación dos menores da unidade familiar en idade escolar, sempre que non estiveran cubertos por outras axudas públicas e foran fundamentais para a continuación da súa asistencia. Importe máximo de 50 €/ano.

e. Outras non relacionadas cos apartados anteriores, consideradas de primeira necesidade, sempre que así se xustifique no informe social elaborado ao efecto. Importe máximo de 50 €/ano.

Artigo 11.—PAGAMENTO DE DESPRAZAMENTOS

Axudas destinadas ao pagamento de desprazamentos a recursos asistenciais ou sanitarios fóra do propio concello para recibir tratamentos, facer xestións ou participar en actividades que non poidan ser levadas a cabo dentro del.

Así mesmo, realizaranse pagamentos de desprazamentos dentro do propio concello para a realización de xestións ou a asistencia a actividades relacionadas cos programas de educación familiar, do servizo de axuda no fogar ou de asistencia a recursos sociais, educativos ou sanitarios do propio concello.

Os desprazamentos deben efectuarse en transporte público, debendo presentar documentación acreditativa do mesmo, e da asistencia as ditas citas.

A contía máxima é de 100 euros/ano por beneficiario.

Artigo 12.—PAGAMENTO DE LENTES E AUDIFONOS

Axudas destinadas ao pagamento parcial ou total de audiófonos para aquelas persoas que teñan diagnosticado un déficit auditivo e teñan prescrita esta axuda técnica.

Así mesmo financiaráselle a compra de lentes a persoas cun déficit visual diagnosticado e que necesiten o seu uso.

Contía máxima de 500€/ano.

Artigo 13.—PAGAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DE TRATAMENTOS DE ODONTOLOXÍA

Axuda destinada ao pagamento de tratamentos odontolóxicos non financiados polo Servizo Público de Saúde para persoas usuarias que teñan un informe odontolóxico previo do centro de saúde que lle corresponda, sempre que estea xustificada a súa necesidade. Contía máxima de 500€/ano.

Artigo 14.—PAGAMENTO DE PRODUTOS DE APOIO

Axuda destinada ao pagamento de produtos de apoio para persoas con algunha discapacidade ou dependencia que non lle poidan facer fronte ao gasto por si mesmas.

Enténdese por produto de apoio aquel dispoñible no mercado ou fabricado especialmente para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias, limitacións na actividade e restricións na participación: camas articuladas, guindastres, colchóns, cadeiras e barras de ducha ou baño, andadores etc.



Venres, 6 de xullo de 2018

Núm. 130

Debese presentar presuposto, e a contía máxima é de 300€/ano.

Artigo 15.—GASTOS POLIVALENTES

Destinado a calquera tipo de axuda que non poida ser atendida por ningún dos conceptos contemplados nos artigos anteriores ou por calquera outro tipo de prestación ou axuda, tales como decesos. So se concederá esta prestación naqueles supostos nos que a persoa solicitante, cumprindo cos requisitos establecidos nesta ordenanza, non poida asumir o custo da axuda solicitada, ao atoparse nunha situación de precariedade económica.

Establecese para este tipo de axudas unha contía máxima do 50% do custo total, cun máximo de 200€/ano.

CAPITULO III: PROCEDEMENTO, INICIACION, INSTRUCCIÓN E RESOLUCION

Artigo 16.—ORIENTACIÓN E INFORMACIÓN

Os Servizos Sociais informarán, valorarán e orientarán das prestacións sociais de carácter económico xestionadas pola Concellaría de Servizos Sociais do Concello de Arbo, e dos requisitos necesarios para acceder as mesmas e o seu procedemento.

As solicitudes xunto coa documentación esixida presentárase no Rexistro municipal do Concello de Arbo, ou, de ser elixido este medio, a través da sede electrónica do Concello de Arbo.

As solicitudes que se presenten dirixíranse á Alcaldía do Concello de Arbo, para o seu traslado ao departamento de Servizos Sociais.

O prazo de petición manterase permanentemente aberto, suxeito, en todo caso, a existencia de consignación orzamentaria para facer fronte ao custo das axudas en cada uns dos exercicios orzamentarios.

Artigo 17.—DOCUMENTACIÓN

Xunto coa solicitude (Anexo I), achegarase a seguinte documentación de toda a unidade familiar, salvo aquela que xa obre en poder do Concello que será achegada de oficio ao expediente:

- Fotocopia compulsada do DNI/NIE ou pasaporte, en vigor.
- Fotocopia compulsada do libro de familia/ certificación de nacemento ou documentos acreditativos de acollemento ou tutela.
- Volante de Padrón municipal de habitantes, conforme a residencia e convivencia.
- Xustificación do estado civil. No caso de separación ou divorcio, deberán presentar documentación acreditativa desta situación e acreditar as pensións alimenticias ou compensatorias no seu caso. No seu defecto deberá presentar documento que acredite habelo reclamado.



Venres, 6 de xullo de 2018

Núm. 130

— Fotocopia da Declaración do IRPF do ano corrente ou do anterior dependendo da data da solicitude. No caso de non estar obrigado a presentala, certificación negativa da Axencia Estatal de Administración Tributaria relativa aos membros da unidade familiar maiores de 16 anos.

— Xustificante dos ingresos económicos de todos os membros da unidade familiar maiores de 16 anos, a través de:

Desempeñando actividade laboral, pensionistas, ou perceptores de prestación ou subsidio:

- Seis últimas nóminas
- Certificado da Pensión/Prestación, emitido polo organismo correspondente.

No caso de non ter ingresos:

- Xustificante de inscrición como demandante no servizo estatal de emprego e períodos de inscrición.
- Certificado negativo de non percibir prestación, pensión ou subsidio emitido polo organismo correspondente.
- Declaración xurada e responsábel de non exercer actividade laboral e non percibir ingresos.

— Xustificante de gastos de vivenda:

- Fotocopia do contrato de aluguer da vivenda e último recibo de pago, de ser o caso.
- Fotocopia do recibo do último pago da hipoteca, de ser o caso.

— Certificado de Discapacidade emitido polo órgano correspondente, se fose o caso.

— Documentos, orixinais, acreditativos da situación de necesidade determinante da solicitude, así como, o xustificante do seu custo. Presuposto detallado.

— Nas axudas que impliquen a adecuación da vivenda, documento que acredite a propiedade ou alugueiro, e neste suposto a autorización do/a propietario/a.

— Documento de cesión de pago, PAGO DELEGADO (Anexo II).

— Certificado de conta bancaria do solicitante ou do provedor/acredor se é o caso (pago delegado) coa copia do DNI/NIE do mesmo.

— Declaración responsable de non encontrarse incurso en ningunha das prohibicións para ostentar a condición de beneficiario destas axudas ou prestación asistenciais.

1. Todos os documentos que acompañen ás solicitudes deberán ser orixinais ou fotocopias compulsadas cos seus orixinais.

2. Os servizos sociais poderán solicitar ó interesado calquera outro documento que considere necesario para a adecuada valoración e/ou resolución do expediente.

3. Garántese a confidencialidade dos datos e o seu adecuado procesamento, debendo respectarse en todo caso o disposto na Lei Orgánica de Protección de Datos.



Venres, 6 de xullo de 2018

Núm. 130

Artigo 18.—TRAMITACIÓN

As solicitudes de axudas de emerxencia presentaranse de acordo co seguinte:

1.—A solicitude en modelo oficial dirixido ó/a Alcalde/sa, acompañada da documentación complementaria pertinente en cada caso, presentarse persoalmente ante o rexistro xeral municipal, ou de ser este o medio elixido, a través da sede electrónica do Concello de Arbo.

2.—O prazo para a presentación de solicitudes permanecerá aberto, con carácter permanente. A concesión das axudas estará suxeita en todo caso á existencia da correspondente consignación orzamentaria.

3.—A solicitude unha vez rexistrada polo Rexistro Xeral, daráselle traslado ao departamento de Servizos Sociais para a súa valoración.

4.—En calquera fase do procedemento, o solicitante, pode desistir a seguir co trámite de solicitude iniciado ou renunciar a recibir as axudas concedidas.

5.—A ocultación ou falsidade dos datos que figuren na solicitude ou nos documentos aportados, poderá ser considerado causa suficiente para denegar a axuda solicitada.

Artigo 19 .—EMENDAS DA SOLICITUDE

Se os Servizos Sociais, unha vez recibida, no seu departamento a solicitude, xunto a documentación, observan a falta dalgunha documentación esencial ou outra que se considerase pertinente para a valoración do expediente, poderá requirir o/a solicitante que a presente nun prazo de 10 días hábiles dende o día seguinte o que reciba a notificación, con indicación de que se así non o fixera darase por desistida a súa petición.

Artigo 20.—INSTRUCCIÓN

1.—A instrución do procedemento realizarase polos Servizos Sociais do Concello de Arbo.

2.—Á solicitude e documentación presentada segundo esta ordenanza, unirase o estudo da situación social, realizado por parte do/a Traballador/a Social do centro de Servizos Sociais para a valoración da petición formulada.

3.—O/A Traballador/a Social dos Servizos Sociais Comunitarios de Arbo, emitirá o correspondente informe social coa proposta, no que se valorará debidamente a situación que o/a interesado/a acreditou documentalmente e cuantificará o importe da axuda.

4.—Unha vez que estea completo o expediente, o departamento de Servizos Sociais, remitirao xunto coa valoración e proposta, nun prazo máximo de 15 días hábiles, a Alcaldía para a súa resolución. Previo á resolución da Alcaldía, o departamento de intervención deste Concello, deberá emitir un informe da existencia de crédito necesario, para a aprobación da axuda, que tamén se achegará o expediente de solicitude.



Venres, 6 de xullo de 2018

Núm. 130

Artigo 21.—RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN

1.—As resolucións relativas as axudas económicas municipais, corresponderá á Alcaldía, no prazo máximo de 30 días hábiles, contados dende a presentación da proposta.

2.—As resolucións notificaranse por escrito ós/ás interesados/as na forma e por calquera dos medios que permita ter constancia da recepción polos interesados, ó igual que se notificará o/a Traballador/a Social que valorou o expediente.

3.—Unha vez ditada a resolución de Alcaldía, darase conta da resolución ó departamento de intervención para fiscalización previa, e posterior traslado á Tesourería Municipal para o pagamento da axuda concedida ó solicitante ou ó provedor (pago delegado), segundo o caso.

Artigo 22.—PROCEDIMENTO DE URXENCIA PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS

A tramitación con carácter de urxente darase a aqueles casos especiais e con carácter excepcional, que precisan, a criterio do/a traballador/a social unha resolución inmediata.

O procedemento a seguir será o que se sinala a continuación:

1. Presentación da instancia/solicitud coa documentación que polo/a traballador/a social se estime necesaria.

2. Elaboración do informe do/a traballador/a social, avaliando a situación de necesidade e o carácter prioritario e urxente da concesión da axuda e contía, que deberá ser presentado pola persoa responsable do departamento de Servizos Sociais.

3. Estimación de se procede ou non a concesión do carácter de urxencia pola persoa responsable do departamento de Servizos Sociais, que remitiría a Concellería de Servizos Sociais.

4. A Concellería de Servizos Sociais, a vista do informe social, e do visto e prace de Alcaldía, con carácter inmediato ditará unha providencia para darlle prioridade a tramitación do expediente, solicitando a boa disposición dos servizos implicados para unha inmediata resolución de Alcaldía.

5. Pagamento da axuda nun prazo máximo de 72 horas hábiles tras a data da resolución.

Artigo 23.—FORMA DE PAGO E XUSTIFICACIÓN DO GASTO

Adoptada a resolución polo órgano competente e polo que se concede a axuda económica, esta aboarase con carácter xeral, mediante transferencia bancaria do Concello a conta do beneficiario/a (pago directo) ou a persoa ou entidade que este autorice (pago delegado – Anexo II) e o informe social así o apoie.



Artigo 24.—XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS

Os/as beneficiarios/as, no momento da solicitude deberán xustificar documentalmente, no departamento de Servizos Sociais deste concello, a necesidade do gasto destinado ó fin que motiva a concesión da axuda económica, mediante facturas, contratos, recibos pagados, debidamente cursados, ou calquera outro documento xuridicamente valido.

É requisito obrigatorio a presentación de facturas e recibos como xustificante da situación de necesidade.

O departamento de Servizos sociais coa documentación que lle achegasen os/as beneficiarios/as, xustificará ante o departamento de Intervención Municipal a axuda concedida mediante informe social.

Considerase que a subvención queda xustificada mediante o pago do Concello o beneficiario, ou ao cesionario, en base a cesión que dos dereitos de cobro que no seu caso fixera o beneficiario-cedente, pero sen que en ningún caso o cesionario forme parte da relación subvencional.

Artigo 25.—CAUSAS DE DENEGACIÓN

Poderán ser denegadas aquelas situacións nas que concorran algunhas das seguintes circunstancias:

- 1.—Que non cumpran os requisitos esixidos na presente ordenanza.
- 2.—Que a axuda solicitada non sexa adecuada para a resolución da necesidade presentada.

Artigo 26.—REVOGACIÓN DAS AXUDAS

As causas de revogacións das axudas municipais de emerxencia social serán as seguintes:

- 1.—Renuncia expresa
- 2.—Falsidade e ocultación de calquera dos datos declarados pola persoa solicitante.
- 3.—Desaparición das circunstancias que deron orixe a súa concesión.
- 4.—Falecemento da persoa solicitante-titular da axuda, cando esta non sexa membro dunha unidade familiar nin dunha unidade de convivencia.
- 5.—Non aceptación por parte do solicitante da intervención a realizar dende os servizos sociais do Concello.
- 6.—Non cumprim F beneficF

Venres, 6 de xullo de 2018

Núm. 130

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA

Coa entrada en vigor desta ordenanza quedan derogadas todas aquelas disposicións de igual ou inferior rango que contradigan o que en esta se prevé e déixanse sen efecto os criterios aprobados por parte da Xunta de Goberno Local.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA: ENTRADA EN VIGOR

De conformidade co que dispón o artigo 70.2 da Lei 7/85, Reguladora das Bases do Réxime Local, esta ordenanza entrará en vigor unha vez que, tras a súa aprobación definitiva polo Plenario Municipal ou elevación da aprobación provisional a definitiva no caso de non presentarse reclamacións á mesma, se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e logo de que transcorra o prazo de quince días hábiles ó que se refire o artigo 65.2 desa Lei.”



Venres, 6 de xullo de 2018

Núm. 130

ANEXO I
*SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL**DATOS DO/A SOLICITANTE**Apelidos**Selo entrada**Nome**D.N.I./N.I.E.**Data* _____*Data de nacemento**Idade**Estado Civil**Teléfono**Enderezo**Código Postal*

<i>TIPO DE AXUDA QUE SOLICITA:</i>	<i>CONTIA:</i>
<i>MOTIVO DA SOLICITUDE:</i>	

*DECLARA**Que forma parte da unidade de convivencia.....persoas, e que os ingresos da unidade familiar ascenden a€ mensuais.**Que tódolos contidos nesta solicitude e nos documentos que se axuntan son verdadeiros, non existindo omisión de datos, así como que non percibe axuda doutro organismo polo mesmo concepto.**Que cumpre todos os requisitos recollidos nesta ordenanza e na normativa para ser beneficiario destas axudas.**Que non solicitou nin rexeitou axudas para a mesma finalidade.**Que da o seu consentimento para que a Administración comprobe que os datos son verídicos.**En Arbo, a de.....de20.....**Asdo.**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE ARBO*

Venres, 6 de xullo de 2018

Núm. 130

ANEXO II

PAGO DELEGADO Ó PROVEDOR/ACREEDOR

*Eu D/D^a..... con n° de D.N.I./N.I.E.....,
delego a Percepción da axuda de emerxencia social municipal concedida a D/D^a ou
Razón Social.....
con n° de D.N.I./N.I.F.....*

Sinatura do solicitante da axuda

DATOS BANCARIOS DO PROVEDOR/ACREDOR

DATOS DO PROVEDOR/ACREDOR

Nome e apelidos ou razón social:.....

Enderezo:.....localidade:.....

Provincia.....código postal..... DNI ou NIF.....

DATOS BANCARIOS

Nome da entidade financeira.....

Enderezo.....localidade.....

Arbo, _____ de _____ de 20__

Sinatura e selo da persoa ou empresa autorizada

*DILIXENCIA DO AXENTE PAGADOR- Acéptase a elección formulada polo perceptor
ó que se refire o presente documento nos seus propios termos.*

Data, Sinatura e Selo do Banco ou Caixa

IBAN e N° de conta

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml>
Código seguro de verificación: E7AC6KYRRWS4CU3



Venres, 6 de xullo de 2018

Núm. 130

ANEXO III
OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

A persoa abaixo asinante reconece estar informada das obrigas das persoas perceptoras das Axudas de Emerxencia Social, que, segundo o artigo 6 da Ordenanza Reguladora das Axudas de Emerxencia Social do Concello de Arbo, son:

- a. Destinar o importe das prestacións económicas ás finalidades para as que foron outorgadas.*
- b. Permitir e facilitar o labor ás persoas designadas para verificar a situación económica e familiar, mantendo en todo momento unha actitude colaboradora e sen menoscabo dos dereitos constitucionalmente recoñecidos.*
- c. Ao cumprimento das condicións que poidan establecerse ou acordarse na concesión das prestacións ao titular para que, polos seus propios medios, poida superar a situación de necesidade da unidade familiar.*
- d. Non exercer a mendicidade, nin inducir a practicala aos membros da unidade familiar.*
- e. Escolarizar os/as menores ao seu cargo, que se atopen en idade escolar obrigatoria (de 6 a 16 anos).*
- f. Reintegrar as prestacións indebidamente percibidas ou que coincidan no tempo con outra prestación concedida para a mesma finalidade.*
- g. Os beneficiarios teñen a obriga de comunicar calquera variación da súa situación socio-económica, cambio de domicilio, etc.*

En Arbo, a _____ de _____ do 20 ____

Asinado _____



Venres, 6 de xullo de 2018

Núm. 130

ANEXO IV
*SOLICITUDE BANCO DE ALIMENTOS MUNICIPAL**Selo entrada**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE*

N.I.F/N.I.E	NOME	1º APELLIDO	2º APELLIDO	DATA DE NTO	SITUACIÓN LABORAL
LOCALIDADE		DOMICILIO			TELÉFONO
CÓDIGO POSTAL		PROVINCIA			

DATOS DA UNIDADE FAMILIAR

N.I.F/N.I.E	NOME	1º APELLIDO	2º APELLIDO	DATA DE NTO	SITUACIÓN LABORAL

*EXPON:**Que reunindo os requisitos esixidos nas Bases das Axudas de Emerxencia Social do Concello de Arbo.**SOLICITA:**A concesión da Axuda de Alimentos do Concello de Arbo.**DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que:*

- Son certos os datos consignados na presente solicitude, comprometéndome en caso necesario a probar documentalmente os mesmos.
- Dou o meu consentimento para que a Administración comprobe directamente os datos referidos á identidade, domicilio, información tributaria e sobre afiliación á Seguridade Social (en caso de non dar o consentimento deberá presentar a documentación que acredite estas situacións).
- Estes datos refírense tanto á persoa solicitante da axuda como á unidade familiar.
- NO recibín outras axudas para a mesma finalidade.

*En Arbo, a _____ de _____ do 20 ____**Asd.: _____*

Contra o presente acordo poderá interpoñerse polos interesados recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de dous meses contados a partires do día seguinte ao da publicación deste anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

En Arbo a 28.06.18
O Alcalde,
Horacio Gil Expósito



Venres, 6 de xullo de 2018

Núm. 130

Contra o presente acordo poderá interpoñerse polos interesados recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de dous meses contados a partires do día seguinte ao da publicación deste anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

En Arbo a 28.06.18

O Alcalde,

Horacio Gil Expósito

